



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, en colaboración co **Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)**, estamos organizando unha xornada de presentación do **programa ININTERCONECTA 2015**, a convocatoria de CDTI destinada a financiar proxectos de desenvolvemento experimental en cooperación entre empresas de rexións destinatarias de fondos FEDER.

O evento celebrarase o **vindeiro 20 de maio** pola mañá na **sede da Axencia Galega de Innovación**, na Rúa Airas Nunes, s/n no barrio compostelán de Conxo. Nel participarán representantes de CDTI e de GAIN, que informarán das principais novidades no financiamento público á I+D+i e, máis detalladamente, sobre a convocatoria 2015 do programa FEDER-ININTERCONECTA. A xornada terá un carácter eminentemente práctico.

Esta convocatoria, que ten actualmente aberto o prazo de solicitude **até o 30 de xuño**, constitúe unha oportunidade de financiamento interesante para as entidades galegas, xa que conta cunha dotación orzamentaria total de 110 millóns de euros en formato de subvención.

O programa detallado da xornada enviarase por correo electrónico nos próximos días, non obstante, se desexas inscribirte xa, podes facelo a través do seguinte **formulario**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!